



10

normas básicas para ahorrar no consumo de enerxía das pemes

1. MERCA OU ALUGA DE XEITO RESPONSABLE

- Á hora de adquirir ou alugar un vehículo, un local de traballo, maquinaria, lámpadas, instalacións de climatización ou calquera outro equipo ou instalación, **ten en conta a etiquetaxe enerxética** e no seu defecto o consumo enerxético do ben a adquirir.
- Merca ou aluga bens adaptados ás túas necesidades.



2. PLANIFICA OS DESPRAZAMENTOS

- **Planifica as rutas** optimizando os percorridos, priorizando a **utilización dos vehículos de menor consumo** e sopesando posibles sinerxías nos desprazamentos.
- Valora se podes substituír parte das **necesidades de mobilidade** da empresa por outras **solucións máis eficientes**, como telepresenza e intercambio de información por medios dixitais, desprazamentos a pé, en bicicleta, en transporte colectivo ou en vehículo compartido.



3. REALIZA UN USO EFICIENTE DOS VEHÍCULOS

- Cando utilices un vehículo **fai unha conducción eficiente**, desprazándote a velocidade moderada, evitando elevadas revolucíons e anticipándote ás circunstancias do tráfico para aproveitar as inercias do vehículo.
- **Forma aos condutores** en conducción eficiente.
- **Realiza un mantemento regular**, desmonta a portaequipaxes se non prevés a súa utilización e evita levar sobrepesos.





4. UTILIZA OS EQUIPOS SEGUINDO AS RECOMENDACIÓNS DO FABRICANTE

Normalmente os equipos, incluídos os electrodomésticos, funcionan dun xeito máis eficiente nun rango de carga concreto e nunhas determinadas condicións, polo que **os traballadores deben coñecer as recomendacións do fabricante** e seguilas tanto como sexa posible.

5. APROVEITA A LUZ NATURAL

- **Aproveita a luz natural** mediante a xestión de elementos de sombreamento.
- **Non deixes luces acendidas** en dependencias baleiras.
- Valora **controlar o acendido** mediante detectores de presenza e regular o nivel mediante fotocélulas que adapten o nivel da luz artificial en función do aporte de luz natural.
- Utiliza **lámpadas eficientes** de tecnoloxía LED.



6. CONTROLA O CONSUMO DE AIRE ACONDICIONADO

- Deixa as persianas abertas de noite e ventila a primeira hora para **favorecer o refrescamento gratuito do edificio.**
- **Ventila regularmente** pero mantén pechadas as portas e fiestras cando funcione a climatización.
- **Optimiza o uso do aire acondicionado.**
- Adapta a temperatura á actividade física que realices e **procura que o termostato non baixe de 26°C** con aire acondicionado.
- Ten en conta que cada grao que se baixe no termóstato supón un incremento de consumo enerxético aproximado do 8%.
- Programa **apagados automáticos do aire acondicionado** ao termo da xornada laboral, especialmente en zonas comúns.
- Sopesa a conveniencia de **instalar elementos de sombreamento** ou láminas de control solar no **exterior do edificio.**



7. OPTIMIZA O CONSUMO DE AUGA, EN ESPECIAL DA QUENTE

- **Evita goteos e fugas** nas instalacións.
- **Utiliza redutores de caudal** (aireadores) nas billas e instala sistemas de control por presenza ou temporizadores que impidan que as billas queden abertas.
- Asegúrate de que as mangueriras dispoñan dunha boquilla adecuada que permita o peche rápido sen ter que desprazarse.
- En auga quente **limita a temperatura da auga** ao rango mínimo de temperaturas admisibles.



8. REvisa os teus contratos de subministración enerxética

- **Simula o teu contrato de electricidade e/ou gas natural** no simulador da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia para ter unha referencia fiable dos prezos da enerxía.
- **Valora se tes marxe para reducir a potencia** de contrato en período punta ou para desprazar consumos a período val.



9. VALORA INVESTIR EN AUTOCONSUMO

Outra forma de reducir o consumo na factura eléctrica é facendo **investimentos en instalacións de autoconsumo eléctrico con tecnoloxía fotovoltaica**, especialmente se dispós dun edificio orientado ao sur.

Unha instalación de 10 kWp (ocupando unha superficie aproximada duns 50 m²) e cun recurso de 1.250 horas/ano xeraría da orde duns 12.500 kWh/ano, cun aforro duns 1.800 €/ano, polo que tendo en conta os perfís de consumo da empresa, as axudas existentes e outros factores, a modo orientativo, o **período de retorno habitual estará entre os 5 e os 7 anos**.

Cunha instalación destas características, poderíamos desprazar o consumo eléctrico da empresa ás horas con maior recurso solar.



10. FIXA METAS DE REDUCCIÓN DE CONSUMO

Se a empresa ten un consumo enerxético significativo debe nomearse un responsable enerxético e **fixar obxectivos de redución de consumo**.

Resulta relevante a **formación do responsable** e mesmo do conxunto **do cadro de persoal**, así como un **asesoramento enerxético profesional** nos eidos de maior impacto na empresa; por exemplo, planificación de rutas, implantación de ferramentas dixitais, contratación das subministracións enerxéticas, programación de acendidos e apagados das instalacións, investimentos en autoconsumo...




AXUDAS A PEMES E AUTÓNOMOS

Para máis información escanea o código QR



LIÑA DE APOIOS	FIN PRAZO SOLICITUDES	ORZAMENTO (€)	
Plan Renove Automoción	30/09/2022	4.500.000	ver axuda
Aforro enerxético en industria e servizos	30/10/2022	5.000.000	ver axuda
Aforro en Pemes e gran empresa do sector industrial	30/06/2023	30.731.120	ver axuda
Programa Moves III (mobilidade)	31/12/2023	18.356.359	ver axuda
Aforro enerxético en explotacións agropecuarias	31/12/2023	1.670.951	ver axuda
Renovables térmicas nos sectores industrial, agropecuario, servizos e outros sectores da economía	31/12/2023	6.145.270	ver axuda
Autoconsumo e almacenamento empresas	31/12/2023	39.614.236	ver axuda



XUNTA
DE GALICIA

www.inega.gal

inega.info@xunta.gal

Tlf. 981 541 500